

GABINETE CARTOTEC OUTDOOR



DESEÑO E CREACIÓN DE RUTAS DE SENDEIRISMO E BTT




Dende a primeira idea até a certificación final, ofrecemos un **SERVIZO INTEGRAL** que xestiona todas as fases de deseño, creación e homologación dun sendeiro ou ruta BTT.

Procuramos que o visitante goce dunha experiencia integral, en contacto coa paisaxe da contorna, ao tempo que trasladamos tamén a riqueza e complexidade do medio rural, tratando as relacións entre o ser humano e a natureza e os procesos produtivos que se desenvolven neste territorio.

Os proxectos de sendeiros e rutas BTT que ofrecemos son homologados polas Federacións de Montañismo e por IMBA, sendo sinónimo de calidade. Adecúanse a unha normativa que garanten, entre outros, unha boa sinalización, seguranza e ofrecen recomendacións, datos técnicos e información sobre puntos de interese.

A promoción de rutas de sendeirismo e BTT proporciona unha variada relación de beneficios a todos os niveis:



- Promoción da identidade local
- Participación social inclusiva
- Atracción de novos visitantes
- Dinamización económica
- Posta en valor dos recursos naturais
- Fomento de estilos de vida saudables




CREACIÓN DE RUTAS MEDIANTE APP



Deseño e creación de rutas para seguimento en apps gratuítas (Wikiloc, Komoot, Google Maps, ...), sen necesidade de sinalización física. Este tipo de rutas poden ser interesantes en contornas urbanas ou en sendeiros turísticos sen a necesidade dunha gran inversión.

- Xeorreferenciación da ruta e dos elementos e lugares de interese
- Toma de datos e fotografías
- Elaboración de documentación
- Publicación da ruta en APP
- Instalación de placas con código QR con acceso ao trazado

MANTEMENTO DE RUTAS E SENDEIROS



Tan importante como a creación dunha ruta sinalizada ou sendeiro homologado é o seu mantemento. A súa creación implica un gran esforzo económico, polo que é imprescindible que o promotor asigne unha partida para o seu mantemento, en caso contrario todo o esforzo quedará no esquecemento en pouco tempo.

Un sendeiro en mal estado de conservación provoca nos turistas unha mala imaxe que é difícil de cambiar, perdendo todos os esforzos realizados na promoción turística e a confianza do visitante. É sabido que o sendeirista ou cicloturista busca aquelas rutas sinalizadas pola súa seguridade; sentirse seguro e a salvo é o que máis se valora á hora de escoller un destino ou outro, polo que é necesario que se realice un mantemento axeitado.

Para evitar iso, en GABINETE CARTOTEC ofrecemos un servizo de mantemento que busca ofrecer unha solución sinxela e o máis económica posible para o mantemento e recuperación de rutas, tanto as non homologadas como aquelas homologadas pola Federación Galega de Montañismo ou por delegación en España de IMBA (International Mountain Bicycling Association).



- Revisión anual ou bianual da ruta
- Informe de revisión
- Reposición de sinais e marcas de pintura
- Limpeza de lixo e roza
- Actualización da sinalización

